


Núm. 55

25-7-28

# rós

CASTILLAS





BOLETÍN MENSUAL  
da  
CULTURA GALEGA

Direitor Literario

Vicente Risco

Direitor Artístico

Alfonso R. Castelao

Administrador

ANXEL CASAL

DIRECIÓN E REDAUCIÓN:

Sto. Domingo, 47—OURENSE

ADEMINISTRACIÓN:

Real, 36 1.<sup>o</sup>—A CRUÑA

ABONAMENTO

NOTA

Doce números, na Península	8'00 pesetas.
Fora da Península	8'00
Número solto	0'70

Este boletín non publicará máis orixinas qu'os que foran directamente solicitados pol·a Dirección. Tampouco se fai solidario das ideas n-eles emitidas, a non ser dos que por non iren rubrados, enténdense que son da Redaución.

Os pagos son adiantados e os gastos de xiro de conta dos suscritores

S U M A R I O

Mañá de outono, POR R. CARBALLO CALEIRO.  
Día de Galicia.

Unhas estatuas do Pórtico da Gloria, POR XESÚS CARRO GARCÍA.  
Vicetto ou o romanticismo, POR VICENTE RISCO.  
Catálogo dos Castros Galegos, da Sezón de Prehistoria do S. E. G.  
Arquivo Filolóxico i-Etnográfico de Galiza.  
Os homes, os feitos, as verbas, pol·a REDAUCIÓN.

Reloxería ZENITH

MÁQUINAS PARLANTES, DISCOS  
AGULLAS e ACCESORIOS

M. CALVIÑO - Ourense

Vicente Risco

Abogado

Sto. Domingo, 47-2.<sup>o</sup>

Ourense



BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA

Ano X



Ourense 25 Xulio 1928



Núm. 55

## Mañá de outono



N-ista infanza de un día frfento e bretemoso,  
n-ista mañá de outono, toda melancónia,  
na que o Sol non abre as craras portas do día  
máis que de un xeito medoñento e dubidoso;

n-ista mañá de outono, deitada baixo as aas  
do gran paxaro gris da universal tristura  
desfóllanse as rosas das esperanzas vaas  
no colo da amargura.

Toda miñ'alma sinte anseios de morrer;  
teño no peito dôres que quero dormecer;  
quero fuxir do mundo, feudo do Rei do Mal...

e coido vel-a tomba con a mesma emoción  
con que ve o namorado, brincando o curazón,  
o leito adoviado para a noite nupcial...

R. Carballo Caleiro.

— O Día de Galicia —



O abrente da Nosa Festa loce, rayolante, sobr'as vilas e campías c'unha dobre emoción cada ano: a emoción do esforzo trunfante e a confianza no pôrvir. Xa se pode ollar o camiño percorrido e pensar sereamente nos adiantos futurós. Fai poucos anos, somentes as bateladas litúrxicas da festa relixiosa espallaban a lediza do sentimento da Terra. Pois por longos tempos o culto do Sant-Iago pelengrino acoubou nas suas azas místecás o sentimento inmorredoiro de Galiza. Hoxe, gracias á xurdia idealidade dos bós e xenerosos, a festa santa fixose tamén a festa civil da Terra e da Raza. Frolecen as colleitas, cantan os arboredos, dítase amorosiña a mar nas praias loiras, n'iste mes d'espranza aldeán. Mais na yalba do día de Sant-Iago a estrela da mañán sabe ser o símbolo da redención de Galicia e dos fogares labregos, das vilas anter-gas ou novas, dos lares dos que lonxe da Pátreia soñan saudosos c'o ouizonte familiar, érguese o coral unánime dos espíritos que soilo arelan unha Galicia, com'unha rosa de lus ceibe no mundo. A estadea dos mortos groriosos considera con emoción o esforzo dos viventes e as novas yalbas bican as frontes c'a seguridade do éxito. Que sexa un día de recollimento interior, de lembranza e d'espranza, pr'ó seguinte voltar á laboura groriosa. Unha orazón ó Noso Señor Sant-Iago e nos beizos e nos curazóns:

*Galicia, nai e señora  
 Sempre garimosa e forte:  
 Preto e lexos: onte, agora,  
 Mañán —na vida e na morte*





## UNHAS ESTATUAS DO PÓRTICO DA GRORIA

A eirexa de Sant-Iago, si hemos de dar creto ao Códice Calixtino (ano 1138 e 1140, cap. IX) tiña tres portas principales, sendo a maior e mais fermosa a d'ouidente.

Era a sua composición a Transfigurazón do Señor, maravillosamente traballada. A



decoraban moitas columnas e estatuas, que eran a admirazón das xentes e dos pelegrinos. Isto, con tudo, non foi d'abondo pra que se mantivera en pé. O Arzobispo D. Pedro Suárez de Deza (1173 a 1206), ter-

mando pol-a importanza da Catedral compostelán, veu con bós ollos o derribo d'aque-la fachada, cheo d'esperanza no trunfo do mestre Mateo, arquitecto do Rei D. Fernando II, que iba a erguer outra pra gardar o Pórtico da Groria, epopeia e drama divino, composición orixinal, exemplar único no mundo, unha das maravillas no progreso da escultura medieval.

Non se sabe de fixo cando o mestre Mateo comenzou a sua obra do Pórtico da Groria, creéndose fose despois do 1168, invertindo mais de vinte anos, ainda que a inscripción dos dinteles diga que foron postos no ano de 1188.

Ben sexa do Pórtico da Groria, de quen tantos arqueólogos e escritores téñense ocupado, maormente o que mais o divulgou D. Antón López Ferreiro, ben de algunha outra obra, o que n-ofrece dúbida, é que son da man e da escola do mestre Mateo as tres estatuas de que vou a tratar.

Son, como pode verse nas fotos, as de dous persoaxes bíblicos e a d'un rei. O seu tamaño e maior que o natural, e están feitos en granito ben esolleito. Das tres estatuas, parece a mais inferior a que representa un persoaxe bíblico, que con unha man acaricia a sua longa barba puntiaguda e entrelazada, tal como si a fixese un artista d'antiga civilización asfírica ou persa. O pregado e caída do manto do rei, envolto no brazo esquerdo, é un acerto d'execución. Xa non digamos da naturalidade e da cabeza ideal do outro persoaxe bíblico, que mostra unha cartela longa, cicas pensando na trascendencia do texlo. Soilo istas tres estatuas enchen e dán

fama a calquera Museo. E nada ten d'estraño si as temos da mán e da escola do mes-



tre Mateo, o artista mais grande do seu tempo.

Isas estatuas, ademais, téñense como irmáns xemelas dos Profetas e Apóstoles do Pórtico da Gloria, asegún Vidal e Cimadevila, non estando acordes respecto a o emprazamento. (1)

Vidal sostén que os dous persoaxes bíblicos representan Abraham e Xacob, conjectura que Cimadevila confirma dicindo: Abraham é o do cabelo longo, ancha barba, bastón de dinidá e mando, cartela n'unha mán. Xacob, de longo cabelo e puntiaguda e entrelazada barba, sostense n'unha muleta que ten debaixo do brazo, pois era coxo, motivado á loita que tivo co anxel.

Os dous menzoados escritores están ta-

mén conformes en ver na outra estatua, sin cabeza, ó Rei D. Fernando II de León.

Si Vidal pon a Abraham e Xacob adosados a xambas do arco maior, Cimadevila as puxo na porta exterior xudaica, como tamén colocou a do Rei D. Fernando na xamba esquerda da porta principal, e non ó exterior como di Vidal.

Tampouco na data de 1738, cando se fixo a fachada de Casas e Novoa, nin na obra, no século XVII, das portas, senón que nos creemos que foi no XVI, (1) ó facerse as portas maiores e menores do Obradoiro, cando as tres estatuas deberon ser sacadas do Pórtico da Gloria, para ser levadas a un rincón dos xardins de Fonseca, e despois recollidas pol-o Conde de Ximonde, que as puxo no seu Pazo da Ulla, a uns vinte kilómetros de Compostela.



Foi o primeiro en darse conta d'ilas don Antón López Ferreiro, quén as pideu ó seu

(1) Vidal Rodríguez, «El Pórtico de la Gloria de la Catedral de Santiago», páxs. 21 e 22.—Cimadevila Rey, «Las figuras proféticas de los Pórticos del Paraíso y de la Gloria de las Catedrales, respectivamente, de Orense y Santiago», Diario de Galicia do 15 de Febreiro de 1928.

(1) López Ferreiro, «Historia de la S. M. I. C. de Santiago», t. VIII, páx. 35.

dono D. Alvaro Puga pr'a Exposición Rexional de 1909, pondoas no patio de San Clemente.

Rematada a dita Exposición, viñeron figurando como do Museo da Económica hasta fai pouco. Na actualidade vense xa na sala A. do Museo da Catedral Compostelán, aínda non inaugurado, e que a maior parte da sua organización débese a os traballos de Filgueira Valverde e do autor d'istas liñas.

Ben está que pezas de tanta valía tópense nun Museo como o da Catedral; mais tememos que o día de mañán non se namore algúm rico extranxeiro d'ellas, pois co poder da sua prata levaraias, por enriba de todos os entusiasmos e de todas as ideoloxías dos homes que traballan pol-o bô nome de Galiza.

As tres estatuas do mestre Mateo, excepcional arquitecto como chegou a mostralo Antonio Palacios, (1) xenial estatuario, o mais grande artista de toda a Edade Media, o Miguel Anxel do seu tempo, deben ser tidas por hoxe como da sua man e da sua escola. Xa respeito a qu'os persoaxes sexan os Patriarcas Abraham e Xacob, e o decapitado o Rei D. Fernando II, nos parece o mais razonable a prudenza que tiveron os da Exposición de 1909, cando as clasificaron de persoaxes d'Antiga Lei e retrato d'un Rei.

XESÚS CARRO GARCÍA.

(1) D. Antonio Palacios, «Del Pártico de la Gloría», Faro de Vigo do 21 d'Agosto de 1927.

## VICETTO OU O ROMANTISMO

VII

### O CAZADOR DE PANTASMAS

A Revolución de Setembre fixo de Vicetto superintendente da soada frábrica de moeda de Xubia. N'aquil cárrego, ó tempo que viviaba a acuñación da caldeirilla, ochavos, cuartos, etc. traballou na *Historia de Galicia*. Suprimida a frábrica quedou cesante outra vez o antigo carcelleiro. De 1871 a 1873 publicou os catro derradeiros volumes da *Historia*. Dend'o comenzou da pubricación d'ela, ocurrián mais cousas qu'a polémica filosófico-relixiosa do Deus-Tempo; en 1866 apareceu o primeiro volume da *Historia de Galicia* de Murguía, e no prólogo puña estas verbas: «...en nuestros días el señor Vicetto ha dado a la prensa trabajos históricos que nos abstenemos de calificar. (A calificación que mais arriba puxemos, tomada dos *Precursores*, está feita en 1885, sete anos despois da morte de Vicetto). Publicándose su última obra al mismo tiempo que la presente, un sentimiento de delicadeza nos vedara respecto a ella todo juicio poco favorable. El

elogio nos sería fácil y agradable; la censura es hoy imposible». Vicetto gardou a resposta pr'a derradeiro volume, mais allá desquitouse de vez. Non somentes—coma anos despois García de la Riega e Riguera Montero—chama insistentemente a Murguía «el Sr. Martínez»—co-a millor fé do mundo, os biógrafos posteriores, á sua volta, habían asentar tamén con insistencia que Vicetto chamábase «Benito Vicetto y Pérez», pois os eruditos non perdoan un *ez*—senón que dí da obra: «Frio, pesado, sin movimiento y sin vida, el incompleto libro del Sr. Martínez y Murguía, arrastra perezosamente el peso geológico, mineralógico, botánico y zoológico que le imprimió en la frente el señor López Seoane, por entre las nebulosidades del celtismo francés, las excentricidades históricas de Rougemont y las perturbaciones políticas de los legionarios del Lacio... si a oscuras estaba el lector, sobre el pasado de Galicia, a oscuras se queda. Informe, destortalada y monstruosa; capa de estudiante por lo remendada, la tal historia, lejos de arrojar luz alguna sobre los sucesos oscuros de la Galicia antigua, los envuelve

en la confusión más completa». E mais adiante: Hoy que el Sr. Martínez y Murguia está muerto, o que al menos como historiador quedó en el *no ser...* Non abonda co-esto ainda hai que ferir mais fondo, e Vicetto empréndea con Rosalia: di que nos versos d'ela «hay más artificio que inspiración», e ceiba sobr'a admiración de Murguia pola sua dona, parolas ditadas pola caraxe, da mais noxenta malcrianza.

Vicetto tiña a miudo istes cabuxos. Non aturaba ningunha critica que non fora unha loubanza. Tiña unha vaidade de neno malcriado. Era un romántico ainda nas mágoas qu'escurécian o seu caraute. Il que ll'iba faguer? Foi a vida qu'o fixo d'aquil xeito... Xa no 1860, cando pubricou os *Reyes Suevos*, anunciara qu'iba deixar a literatura, na adicatoria a López Cortón: «Terminado este trabajo y concluyendo enseguida «El lago de la Limia», pienso concluir a la vez mi vida literaria. Si esta ha sido estéril para el país que me vió nacer, tampoco yo le debo sino disgustos y sinsabores. Aquellos que deban mucho a su país, su país tiene derecho a exigir bastante de sus talentos. Yo no le debo ni aun educación literaria, pues, pobre de nacimiento, sus Universidades estuvieron cerradas para mí. Que lo hagan mejor aquellos que no se vean obligados desde niños a seguir una carrera, buena o mala, para alimentarse, que es la primera de las necesidades de la vida». Esto escribía cando estaba na apoteose: que sería n-outros casos!

Ingrata Patria, mais Patria! Vicetto endexamais deixou d'amar a Galiza e traballar por ela nin deixou tampouco de perseguit-o amor e a gloria.

En 1867 pubricou no Ferrol a 8.<sup>a</sup> edición de *El último Roade*. En 1868, *Las tres fases del Amor*, novela de caraute naturalista, asegún Fort Roldán, parez que se non puxo á venda ou retirouse. En 1872, *El conde de Amaral*. En 1874 a sua continuación, *La baronesa de Frige*. Iste ano emprincipiou o 15 de Maio a publicación da *Revista Galaica*, que surtia duas veces ó mes. Case toda redactada por il, reproduciu n-ela as suas novelas, artigos, poesías; sacou por primeira vegada as *Tradiciones feudales de Galicia* e as *Semblanzas galaicas contemporáneas*, e

ademas desenrolou a teoría do Deus-Tempo, revisando toda a historia da filosofía para demostrar, que ningún dos filósofos antigos nin modernos tivera un conceito cabal do que é o tempo, e ensarillouse en discriminacións antr'o tempo e a duración, o espazo e a estensión, sacando a fin de contas que a duración é finita e o tempo infinito; a estensión é finita e o espazo infinito. Vicetto dispreciou, crer'está, os conceitos de duración e estensión, com'atributos dos corpos, e agarrouse ós conceitos imaxinarios d'espazo e tempo, sen fixarse o improvisado filósofo en que son conceitos valeiros qu'escreuen a sustanza. Lástima non chegara a coñecer a Renouvier e a Bergson...! A coleición da *Revista Galaica* compón tres volumes en folio, os dous primeiros de perto de 400 páxinas.

En 1875 escribeu *Las aneanas del Sil*, que pubricou na *Revista Galaica*, a qual suspendeu por fin en 1876 pra ir a Cruña empregado no Goberno civil. Outra vez na burocracia.

O ano seguinte pubricou *El cazador de fantasmas*. Vicetto, d'un xeito incoscente, retratouse de corpo inteiro no tídeo d'esta obra. Aquele foi o que fora toda a sua vida o apaixoadío Precursor: un cazador de fantasmas. O Amor, a Gloria, a Liberdade, a Patria, a Obra: fantasmas que persigueu asaíadamente, durante trinta ou corénta anos, e que foron pra il verdadeiros fantasmas etéreas que se ll'iban das maus cobizas. E por riba de todo, a pastasma inmutábel do Deus-Tempo...

Por entón tamén casou Vicetto, cando s'achaba xa no lindeiro d'álá do tempo da plenitude, alén do qual non fica mais qu'a ancianidade; cando xa andaban pol-o cabelo e pol-as barbas os fios de prata, sen que, cincuentón de bon ver, s'houbera mingoado o lumé dos ollos de Víctor Basbén... Vicetto casou: Cristina, Ildara, Madanela, Amelia, ficaban xa alá no louxe do Tempo, no mundo eterno da Saudade... Cabelos d'ouro, semellanza co-a Condesa d'Oxford de Van-Dyck, antigas fantasmas pra seren cazadas na devesa entrambilada da lembranza...

E chega o ano derradeiro. Vicetto, cesante, marcha pra Madrid, ond'escribe o prólogo do *Romancero de Galicia*. Novamente no

exilio, levado do voxo costante com'a anduría errante a quen invoca o forzado d'Arxel na *Campana d'Aullóns*, a y-alma amargurada, chea do acedume da loita, Vicetto era un vencido: parecía un pino leixado do vento...

A corda iba rematando. Xa quedaban poucos días de traballo a aquil curazón que con variado ritmo latexara.

En Madrid, Vicetto atopouse gravemente enfermo. Coñeceu qu'a morte chegaba sen remedio, viu que aquela era a sua, e entón tivo medo. Non medo á morte: medo a morrer lonxe da sua terra. Quería dar nela o derradeiro layo e deixar pra sempre nela os seus ósos: última ofrenda de quen lle adi-

cara o millor do seu talento e do seu traballo.

E determinou de vir morrer ó Ferrol.

Doente, atromentado por atroces doores, sintíndose morrer, Benito Vicetto tivo coraxe d'abondo pra pórse en viaxe, e chegar xa moi grave á vila onde nacera. E ali morreu «cercado satisfeito», diz Fort Roldán, ás once da noite do 28 de Maio do 1878.

Acogou no seo do Tempo eterno e sen comenza a y-alma axitada e tromentosa d'un dos mais rexos loitadores que Galiza, a raiña destronada, contou nas fías dos seus leudes, os bós e xenerosos.


VICENTE RISCO

## CATÁLOGO DOS CASTROS GALEGOS

PUBLICADO POL-A SEIZÓN DE PREHISTORIA  
DO «SEMINARIO D'ESTUDOS GALEGOS» DE SANT-YAGO

### OUTEIRO DE FONTEFRÍA

**EMPRAZAMENTO.** — Na provincia de Ourense, concello da Merca, por riba mesmo do lugar de Fontefría, pertencente á fre-



guesia de Proente. Separado do castro anterior por unha gárdara estreita e desviado de el uns 700 metros.

Pol-o lado que se carea pr'a gárdara ante-

dita, que é o do oeste, a aba do outeiro é curta, mais pol-o leste, o monte cai ben pino deixa a Arnoia, cujo val alberga dende ali n-un anaco longo.

**DEFENSAS.** — Un soio terrapréns é parecer sen muro e que non presenta siñas de parapeto. O outo de iste terrapréns é de 8 metros.

**MENSURAS.** — A área fortificada ten as seguintes:

Do norte ó sul . . . . . 42 metros  
Do leste ó oeste . . . . . 75 metros

**OBSERVAZÓNS.** — Non se ollan vestixios arqueolóxicos, nin podemos recoller lembranzas de ter aparecido obxectos antigos.

**FOLKLORE.** — Luís Vilar, veciño de Olás, dixonos que iste castro fora obra dos carlistas.


**BIBLIOGRAFÍA.** — Inédito.  
(Catalogado por Florentino L. Cuevillas).

### A RODELA

**EMPRAZAMENTO.** — Na provincia de Ourense, concello da Merca, freguesia de

Faramontaos e por riba do lugar de iste nome. Desviado 800 metros cara ó sul do Outeiro de Fontefria, aseméllaselle nas suas condicións topográficas, pois pol-o oeste a aba do monte case que non se ergue de unha chaira barrenta que chega deica ó pobo de San Paio de Rabal, e pol-o leste cai na Arnoia, á que chega no sitio chamado «As Poldras do Pulido».

**DEFENSAS.**—Un soio terrapré de 5 a 8 metros de outo, ó parecer sen revestimento de pedra. Por riba de il hai lixeiros vestixios de un parapeto, e por baixo e solo nalgúns sitios, óllase unha lixeira depresión, indicio quizás de un foso.



#### MENSURAS.—Mede:

Do norte ó sul . . . . .	148 metros
Do leste ó oeste . . . . .	115 metros

**OBSERVAZÓNS.**—Non se olla nin se sabe da aparición de obxectos arqueolóxicos. Tampouco se alcontran pedras soltas de abondo, pra supor a esistencia de casas nin de parapetos de cachote.

Compre soio notar que o lugar de Faramontaos, figura xa no tumbo de Celanova,

#### NÓS

i-en documentos do século XI, baixo o nome de Faramontanos.

**FOLKLORE.**—Ouvín decir a varias persoas que o castro fora obra dos franceses.

**BIBLIOGRAFÍA.**—Citado por Diaz Sanjurjo (Art. e loc. cit.).

(Catalogado por Florentino L. Cuevillas).

#### O MONTE DE CASTRO

**EMPRAZAMENTO.**—Na provincia de Ourense, concello da Merca, freguesía de Santa María de Olás. É un espolón granítico de abas pinas que cain pol-o oeste en col do val da Arnoia, pol-o sul no regato de Fechinhas, e pol-o norte e o leste, xuñtanse xa moi abaixadas cas de outro outeiro que se conoce co nome, quizás moderno de «O Piñeiral».

**OBSERVAZÓNS.**—Temos percorrido istes sitios ben veces e ben de vagar, sen ollar niles ren que se pareza a unha fortificación protohistórica. Soio unha pequena terraza que hai na banda do oeste e perto do cumo, fixonos desconfiar, mais a suá cativeza e o non seguir pra ningún dos lados e a mesma ausencia de terrapré, amostrounos que non se trataba de crara obra de fortificación, se non quizás de unha chaira feita por necesidades do cultivo.

Hai pois que admitir, que iste castro, por non ter obras defensivas, é diferente dos outros catalogados e que ainda se afasta do concepto corrente da verba.

**FOLKLORE.**—A freguesía de Olás tivo denantes a sua cabeza en Vilarinho, aldeia formada polos lugares de Campos, Barreira, Pereiras e San Pedro, e parece ser que niste derradeiro radicaba a eirexa parroquial, tendose descoberto n il restos de antigas sepulturas. Asimismo San Pedro, debeu ser o patrón da primitiva freguesía e ainda existe unha capela a il adicada no lugar da Barreira, e ali faiselle novena e festa, que corre a càrrego de unha cofradía. Pois ben o folión de ista festa non se celebra, nin as portas da capela, nin perto da eirexa parroquial. A xente toda ca música vai deica ó cumo do castro, e ali botan os foguetes e ali alcenden fachas que poñen en duas furas practicadas nas penedas que coroan o mó-

te. É de notar que o camiño dende a capela de San Pedro do castro é longo, pino e ruín, e que sempre que se inizou algunha oposición ó vello costume xurdíu de cote dos veciños de Olás, pobo axuntado a Vilariño, coido que no século XVI, e que está moi proximo ó pico do castro, namentres que os veciños de ista derradeira aldeia defenderon rexamente, e ata de agora con éxito, o estilo tradicional do folión.

\*\*\*

A unha leira que hai nas abas do montes vaise de noite e sin dar fala, a coller certas, herbas (non poímos enteirarnos de cales son) que sandan moitas doenças do gado.

\*\*\*

No cume do Píñeiral, hai duas penedas esmonadas, que afectan certa semellanza c-un sarxego antropomorfo. Din que alí estivo o corpo de San Cibrao, e que a auga que encora no lugar que ocupou a cabeza, e que

endexamais estiña, é boa para as doenças dos ollos.

\*\*\*

Por baixo do dito Píñeiral, xuntanse tres regatos e no cabo da chã chamada «A Parrueira» que pertence xa a freguesia de Corbillón, hai un penedo c-un burato redondo na cima. Pra remediar do mal de ollo vai-se caladamente, sen dar xiquera unha fala, cóllese n-un xerro, auga de cada un dos regatos, e despois danse tres voltas, levando a auga na man, ó redor do penedo, rezando tres credos a cada volta.

A auga asin recollida hai que bebe-la, e aproveita o mesmo á persoa que a recolleu que á outra calquera.

O penedo de Corbillón debía ter tan fondas raíces, coma obxeto de culto, que un párroco, a quien conocemos e tratamos, benzouno, afondou o seu burato e puxo baixo da advocación de N. S. de Lourdes.

BIBLIOGRAFÍA.—Inédito.

(Catalogado por Flor entino L. Cuevillas)

## Arquivo Filolóxico e Etnográfico de Galiza

### RESPOSTAS A UN QUESTIONARIO

O ano pasado propuxen eu ós meus alumnos de Historia da Escola Normal d'Ourense, un questionario en resumo, anque completo, comprendendo os principais puntos d'etnografía e folk-lore pr'o estudo d'unha bisbarra ou d'unha freguesía, pra que o enccheran perante o punto de Natal. Obtiven respuestas verdadeiramente interesantes, e NÓS vainas agora publicar ínteiras, sen dividila materia arredando os diferentes puntos, por ser de mais comenencia o presentalos todos en xunto os de cada bisbarra, formando un corpo coma forman na realidade. As respuestas viñeron algunas escritas en galego, outras en castelán e outras parte en

castelán, parte en galego. Eiquí darémolas naturalmente en galego, respeitando en verbas e frases escritas polos nosos alumnos as formas e a grafía por iles empregadas, e deixando en castelán as que n'iste idioma foron ouvidas dicir á xente.

V. R.

### Freguesía de Mundil

*A terra.*—A freguesía de Mundil linda co-a de Seixadas, da que a separa en parte unha vía romana chamada *a verea*, polo N; co-a d'Espiñoso da que a separa un regato chamado *regueiro da Cortiña*, polo S; co-a de Santa Baya polo E e co-a de Grixó, da que a separa a Arnoya, polo W, rematando o llindeiro por iste lado a de Vilar de

Vacas. Apesares de ser un tarreo montuoso, non ten elevacións de gran importancia, podéndose numerar antre os seus montes, a Curtiña vella, os Picoutiños, a Campaza, etc., todos iles derivaciós do macizo chamado Castro de Trelle. Os ríos principás son a Arnoya que lle sirve de lindeiro por un lado, e outro que nasce no Castro, atravesa as freguesías de Pereira, Sabucedo e Espiñoso e vaise xuntar co-a Arnoya perto de Nogueiró, un dos lugares d'esta freguesía. Os demais son regatiños que levan o nome dos lugares por onde pasan. Os lugares son: Outumuro, Nogueiró, Santa Catalina, Cárregal e Gueral.

*A xente.*—Son de mediana estatura, morenos os mais, de complexión robusta, cutis áspero debido ó clima e ó traballo da labranza qu'os obriga a loitaren co frío e a calor. As doenças principás son: o *mal de costado* (bronquitis aguda), tifus exantemático (?), lesións do curazón, anemia e clorose nas mozas, e son raras a iteriza, hemorraxia cerebral e a réuma nos vellos. Outros casos d'enfermedades que se dan son poucos e os andacios duran pouco, debido á pureza do ar e ás condicións climáticas do tarreo, pola hixiene é perfeitamente descoñecida, asegún afirma un refrán moi corrente que di: «Labrador que non come media libra d'esterco cada dia, non colle millo nin xudia.»

Os nomes empregados son os do calendario, algo trasformados por pronunciación ou por costume: así, Agustín (?) dícese *Agosto*, si se fala d'un vello; «o tio Agosto»; María dícese *Maruxa*; Petronila = *Patornilla*. Os apelidos son os mais, galegos: *Fernández*, *Martínez*, *Piñeiro*, *Guerreiro*, *Covelas*, *Castro*, etc. Os alcumes refirense á maneira de ser o individuo e outros postos a capricho, eixemplos: *Pancho*, *Chongaza*, *Maruñas*, *Gueiteiro*.

*A fala.*—O ton da lingoaxe é unha sorte de canto llano no qual a derradeira palabra da frase pronúnciase c'unha elevación e depresión da voz semellante ós salmos. A pronunciación é soave, tirando algo ó portugués; as *j* e as *g* fortes ou soaves a capricho, esente as que se pronuncian *x*. Fálase galego con palabras do portugués.

*Cultura material. A mantenza.*—A comida d'a cotío consiste no caldo ou pote galego, patacas en cachelos e pan de millo. O caldo consiste n'un cocido de verdura con patacas, carne de porco, chourizos e unto. O pan de millo é a broa ou *víca* preparada con farincha milla mais ou menos peneirada, auga e sal; cómese quente, porque fria sabe mal. A istos alimentos engáden sardiñas, xardas, bacallau, asegún o tempo. En cuestión de bebidas, úsase o viño do país, que é acedo e floxo.

Os días de festa celébranse con relativa solenidade culinaria, pois coma dín os nosos paisanos: «Cand'é festa, van todolos potes ó lume». Abre a marcha o caldo galego que entón non é de viernes, composto de repollo de berza, lacón, cachucha, touciño, chourizos e carne de vaca; un cocido con garabanzos, carne fresca e salgada, patacas e verdura, polos estofados, cremas, natillas, etcétera, non falla o consabido arroz dulce, rosquillas, licor café e viño tinto e branco e algunha que outra botella de tostado mais ou menos auténtico.

*O vestido.*—O vestido é o típico do país, consistente en camisa de liño tecido no país, chambra de xerga, sayo ou refaixo de pico-te, lera pr'os días de festa e mandil ou manteo pra diario, médeas de lá ou fio, zocos de pau e na cabeza un pano que atan por atrás da testa formando gorrete, o que se chama traguel-o pano de *cacharulo*. Os homes levan o traxe corrente, pois a monteira e o calzón de rizo desapareceron case por completo.

As roupas de cama consisten n'un xergón de folla de millo ou palla co-a coberta de tecido d'estopa, sabáns de liño ou estopa e mantas frabicadas con farrapos, ou ben de felpa tecidas no país. As camas son feitas de madeira sen adornos e polos lados cheas de buratos grosos por onde fan pasar unha corda que é onde se sostén o xergón. As colchas do país teñen unha chea de ramos e froles, habendo algunas d'elas relativamente caras, debido ó traballo e dificuldade da frabicazón.

*A casa.*—As casas teñen a entrada o páteo que consiste n'un espazo valeiro pra amorear toxo, palla e demais cousas con

que frabican o esterco. A parte d'abaixo está destiñada á corte. Por unha escaleira rúbese ó piso ond'están as habitacións; son estas pol-o xeral reitangulares ou cadradas e moi estesas pra que n-elas colla a xente os días de festa, bodas, enterros, etc. En cada unha hai unha cama ou duas ou mais, sen tabiques nin cortinas de ningunha caste. A cociña está tamén no piso.

*Costumes e festas* (non hai resposta a esta parte do questionario).

*Cultura espiritual. Relixión* (non hai resposta ás preguntas tocantes á relixión).

*Supersticiós. Os difuntos*.—É creenza corrente que cando un individuo morre sen ter restituído o roubado, ou sen ter feito as honras fúnebres debidas a algúns da familia, coma tamén si profanou dalgún xeito os petos das ánimas, cruceiros, etc., ou se tivo a presidencia d'unha xuntanza de bruxas, andivo na *estadea* (Santa Compañía) ou comeu carne de gato sen serear e o que morreou sen cumplir algunha promesa, volven a iste mundo despois de mortos e viaxan de noite polos sitios onde cometeron ditos pecados, por onde se debía cumplir a promesa, ou buscando algún parente ou amigo pra facerlle encárregos que lles ha cumplir pra qu'o morto descanse.

Si o pecado é roubo, restituir; si é presidencia d'aquelarre, buscar quen se faga dono de dito cárrego; si é promesa, cumplirla no nome do morto; si pertenceu á Santa Compañía, agardala na encrucillada d'un camiño por onde pasen difuntos e collar a crúz que ll'entregará un da Santa Compañía e que deberá traguer e andar na dita procesión (que empeza despois de ceiar) namentrás non poída darrile a cruz a algún qu'atope descuidado pol-o camiño.

O traxe dos aparecidos é branco e consiste xeralmente nunha sabán na qu'andan envoltos. O que non é prezo fixo é o da vela: uns tráena (si pertencen á Santa Compañía) e os outros non.

*Procesión das ánimas*.—Nas noites escrás do inverno e sobre todo no mes d'Outono, vense polos camiños que van car'os cemiterios, procesións de pantamas vestidas de branco, cunhas luces azuadas nas maus, que se dirixen ós pobos, visitaren ós que

van morrer aixiña. Despois de arrodearen a casa e rezaren varias oracións, preparan unha procesión d'enterro onde non falla incensario, faroles, nin ningunha das insinias qu'en tales autos s'empregan, dirixindose ó cemiterio onde chegan ó amanecer, dissolvéndose a comitiva deixa a noite seguinte. A esto chaman *Santa Compañía. Estadea ou Procesión de Ánimas*. Hai que adevirtir que é perigoso tropezar coa dita procesión, porque a quen atopan no camiño, fanlle cargar coa cruz, misión que ten que desempeñar namentrás se non encontre outro a quen encambarlla. Pra se libratar d'esto, débese levar allo no bolso ou un corno d'*escornabois* (vaca loura).

*O Dromo e o paulo*.—O dromo ten un poder case infinito, cura doenças, dá fortuna, pre-cura boa vida e dá certo poder pra se poder vingar dos nemigos. Pra conseguir istos favores compre pirmeiro de nada, falar co il.

Os dous modos principais de facer qu'apareza o dromo son os seguintes: 1.º Guise unha pita negra ben condimentada con allo e cebola (a cebola das varas de San Xosé) e pemento negro; despois das doce da noite vaise a unha eucrucillada (cruce de dous camiños) provisto do guiso, unha botella de viño tinto e un mandil de picote. Faise un circo, trázase o sino de chamada (que asegúrn o dibuxa o comunicante, asemelhase á letra hebrea *schim*) e posto no meio do circo, empézase a comer a pita e beber o viño. Cada vez que bebe, ten que dicir: «Ou vés, ou vuome», e á terceira vez, aparecerá o dos cornos acabalo d'unha cabra. O que agarda ten que deital-o viño circularmente. O dromo saudarão e poranxe d'acordo.

O segundo modo de facer surtir o dromo é o seguinte: cóllese unha vaña de fabocas que teña nove graos e ponse dentro da pia d'auga bendita un dia que sexa nones, antes que ninguén tome auga, e sácase ó rematal-a misa, despois que teñan saído todos. Fanse duas velas de sebo de un que teña morto aforrado. Despois das doce da noite alcéndense as velas nunha habitación ben pechada e entre elas, ponse o crucifixo de boca pra baixo, e sobr'a mesa ond'estean postas estas cousas, pónense encima as nove fabas, cada unha c'un dente d'allo ó lado.

Pénsase en qu'o demo pode mais que Dios, e ós poucos instantes, óiense tres golpes na porta; érguese un, e c'un allo fai dous riscos hourizontás na pechadura. Imediatamente entra o demo. Non compre adivirtir qu'o individuo non ha ter medo, pois si o ten, o demo ríese e non entra en tratos co-il.

Com'o demo ten tanto poder, pódense facer tratos co-il e o principal d'iles consiste en pedirlle a felicidade n-esta vida en troque da y-alma. Pra isto, faise un documento pondo as condicós en que se fai a venda e firmase con sangue que o vendedor tira do brazo esquierdo.

*Endiañados.* — Son individuos (probablemente mulleres histéricas e neurasténicas de certa clás) que teñen o diaño no corpo, o qual nonos deixa estar quedos, fala por iles, fainos trasnoitar e debilitalles o corpo pra que morran logo. O diaño pode entrar no corpo d'un home de moitos xeitos, sendo as principais ó bostezar (por iso é bó facer cruces no bico cando ven o bostezo), cand'un blasfema, por unha maldizón, por traballar en días de festa, etc. Pra sacalo sirven as benzós de certos días de festa, com'o dia de Santa Cruz, o Portal, ecétera. O demo sai xeralmente pol-o bico d'ó individuo en figura de língua de fogo. Iste individuo fan esforzos inauditos por non entraren nas eirexas e xeralmente lévanos d'arrastras. O qual pode ser unha proba mais do desequilibrio dos pacentes.

*Bruxas, meigas, sabias, etc.* — Dificilmente se pode establecer unha diferenza formal antre cada unha d'estas individuas. Mail-as bruxas teñen certo poder participado do demo pra facer dano; asina, a ollada d'unha bruxa pode producir-a estenuación nos nenos e nas persoas mōres, no gando e ainda nos eidos, facendo que non dean froito. As meigas curan doenças mediante certas ceremonias raras, e a orixe dos *talladores de coxos* débese buscar nas práutecas das meigas. As sabias adiviñan o porvir e os feitos xa pasados e segredos mediante certas ceremonias e con axuda do demo. As feiticeiras son certa sorte de bruxas que dan bebedizos, amuletos, escritos, etc. pra qu'un poida adequirir o que deseja valéndose d'iles.

As bruxas saen da casa ás noites e van

voando pol-os aires, montadas no rabo de unha basoira; pra se sustraeren á aición da gravedade, compre untarse co *cacho* que consiste n-unha pomada feita con grasa de porco, polvos de rabo de lagartixa e ósos de difuntos e unto de sapo; despois de misturar estas cousas, din unhas palabras sobre elas e bótalle beinzós e co-esto fica preparado pra utilizalo. O ceremonial consiste na chamada *media misa* que é unha representación grotesca do sacrificio da misa.

Cando morre unha bruxa que foi xefe de grupo e pol-o tanto depositaria do *cacho*, non vai ó inferno (que pra ela nono é, posto que é amiga do diaño), namentres non atopa a quen darlle o *cacho*.

As meigas non voan. Curan doenças e afuxentan os malefizos. As sabias adiviñan os segredos e as cousas futuras queimando pelo, uñas ou alguma parte do corpo da persoa interesada; hainas tamén que o fan pos meio da baraxa, das raias da mau, etcétera, com'as xitanas. É un oficio que dá difieiro, polos peisanos creen moito en semeillantes adiviñaciós.

*Mal de ollo, meigallo feitizo.* — Tanto as bruxas com'as meigas, e demais da mesma familia, teñen poder pra causaren impunemente dano ós seus nemigos. Iste dano son o mal de ollo, que consiste en que ollando esas persoas unha cousa calquera de certa forma, producen doenças que os médicos non son capaces de curar e que pra facelo compre andar pol-a bruxería e valerse de certas ceremonias propias d'ela.

O meigallo é cousa semellante e consiste en que por causa d'algunha meiga, unha persoa non teña sorte nos seus negocios e que todo lle salga mal.

O feitizo somentes se refire a unha cousa determinada e xeralmente é cousa de namorados. Pra se libraren dos males que poden producir todas-as *tocadas do demo*, fanse desconxuros que consisten en dicir certas oraciós ou proferir ameazas contr'o demo facendo cruces sobr'a cousa ou persoa con cinzas de follas de loureiro bendito, allo, borralla e manteiga de porco en conserva (unto) e outras cousas pol-o xeito.

*Fadas, trasno, nubeiros, etc.* — Entenden eiqui por fadas algo así coma maldizós que

gravitan sobr'un individuo, o qual fai sempre mal todo aquello que fai, d'ahí o dito vulgar: — «Seica te viu unha fada».

O trasno é o diabo que s'adivirte co-a xente, sobre todo facéndolle perde-l-o camiño cando viajan de noite. Si os leva por camiños de difuntos, é sinal de mau agoiro, pois a persoa que leve ha morrer dentro do ano. Tamén ha morrer no mesmo tempo o que ó cantal-a coruxa ou o moucho tres noites seguidas.

Eiqui perto hai un monte chamado o *Alto das Meigas*, onde se van peinar as mulleres, sobre todo as mozas, pois debido a que dende ali vense nove eirexas parroquiás, rezando sete veces a salve, peinándose e dando arredor d'unhas pedras postas en forma de lavadeiro, nove voltas, consigue-se conservar a saude, ser bunitas e casar logo e ricas. O ceremonial consiste en erguerse cedo, levar un cacharro con auga e chegar alá sen ter falado con ninguén; peinarse, etc. e volver sen falar outra vez ata chegar á casa; si se fala non val a ceremonia. Iste costume vai ficando en desuso debido ás bulras de que son ouxeto as que a prautican.

*Os mouros encantados e seus tesouros.* — En certas cavernas naturáis, covas e trincheras cuios restos esborrallados ainda duran, hai princesas e príncipes mouros que viven nelas en figura de lagartos, reducidos a tal estado por obra d'encantamento. Co-iles teñen grandes cantidades de moedas d'ouro, barras do mesmo metal, xoias, etcétera, todo d'un valor incalculábel. Pra pillar esas riquezas compre desencantar o cautivo e esto consigue indo ó lugar en que s'atopan e fagendo escavaciós ó tempo que se leen certas oraciós n-ús libros manuscritos que por certo xa son raros no noso tempo, e ó saír o lagarto tocarlle no bico c'unha vara d'oliveira bendita no istante mesmo en qu'apareza, senón síntese un estampido, encches todo de fume e desaparez o tesouro.

*Cencia popular. Predición do tempo.* — En pirmeiro termo polos días do mes de Xaneiro, asegún istes sexan, serán os meses que corresponden a ditos días; así si o día primeiro fai bó tempo, o mes de Xaneiro será bó; si o día dous chove, choverá no Febreiro, etc. Dend'o día 12 son as *contra sortes*

e siguen o mesmo orde que do primeiro ó 12 ou sexa que as *sortes*. Cando o sol ó deitarse embermellece fortemente as nubes do ponente, o dia que sigue será caloroso; si o bermello é pol-o Oriente, será de chuvia. Cando s'alcenden por afora os potes e cazos postos ó lume, sinal de chuvia. Si as arañas traballan con moito afán, indican que vai nevar. Si cae ferruxo da chemineia, está a chuvia perto. Si cando chove o rego forma ampollas, a chuvia seguirá forte. Os callos e a reuma son bastante bós barómetros. Tamén cándas pitas están tristes e achegadas unhas ás outras, indican nevada.

*Remedios prás doenças.* — ... A y-auga d'adormideiras apricada ós flemons, produz bos resultados... porque foron empregadas pola Virxen pra facer durmir o Neno Xesús, cando facía frio... Cando unha vaca ten a *lagartiña* (enflamazón da pezuña) lévase a unha encrucillada, cúrtase un terrón do grandor do pé doente, tráise o terrón e póngase no fumeiro; ó secarse o terrón, a vaca sandou. Pr'a diarrea dos porcos, pónselle borra de viño ou de vinagre no lombo. Prás lombrigas dos becerriños que maman, dáse-lles manteiga sen cocer, con allo e loureiro, ou leite onde se tivo en maceración á noite sementes de coellos.

*Tallar os coxos.* — O *coxo* é unha erución da pel que ven de mordeduras de bechos. Os principás son o do sapo, o da araña, o da salamántiga, o da toupeira, o da cobra, o do alacrán, etc. Tállanse facendo cruzes na parte enferma con algún potingue. O que o faga ten que reunir certas condizóns: pr'o do sapo ten que ser un ferreiro, fillo e neto de ferreiro.

Tamen se talla o *aberto* (resentimento de un tendón pol-o esforzo), e ten que ser muller que parira dous mellizos; o *fogardente* (eczema pustuloso) e ten que ser muller manicha.

*Arte popular.* — Hai cruceiros nas encrucilladas ou sitios despoboados. Foron ergueitos por persoas piedosas e recordan feitos ou leendas milagrosas. Hoxe xúntanse onda eles as vellas pra rezaren e marmularen dos veciños. Os petos das ánimas áchanse abandoados e apenas se conservan algunha leenda.

Vénéransen moito as imaxes antigas. Ó quereran unha vez traguer un santo novo, os vecíos protestaron e dixerón que deixaran quedar o actual, pois o novo non favorecería os emigrantes.

(A comunicación veu sen firmar, e deixámosla asina.)

Suscribase a

## “A NOSA TERRA”

Idearium das Irmandades da Fala

Redacción e Administración

Real, 36-1.<sup>o</sup>

A Cruña.

## OS HOMES, OS FEITOS, AS VERBAS

### SEMINARIO D'ESTUDOS GALEGOS.

Despois da xeira de Pontevedra, onde as sesiós do Seminario deixaron ós asistentes moi satisfeitos e interesados, e de onde os socios do Seminario surtiron moi compridos das atencions recibidas, coma da sua visita ó Museu instalado nas ruiñas de Santo Domingo, do que o ilustre Presidente da Sociedade Arqueolóxica, D. Casto Sampayo, fixo un longo e instrutivo comentario de cada peza alí recollida, n'unha mañá inesquecible qu'ali pasaron os seminaristas, a actividade do traballador agrupamento se non detivo.

Repartironse os eixempabres do primeiro volume dos *Arquivos* do Seminario, que en outro lugar reseñamos; o *Pueblo Gallego* publicou en folleto o informe encol da *Ortografía galega*, do novo socio e distinto colaborador de N. S. Sr. Couceiro Freixomil; repartiu-se o luminoso escrito do Sr. Ferreiro Cid en col da *Autonomía Administrativa de Galiza*, e separatas dos *Arquivos* e de NÓS coma o primeiro fascículo do *Catálogo de Castros*, comprendendo-os do val de Vilamarín, e os derradeiros traballos arqueológicos, folk-lóricos e xeográficos dos señores Cuevillas, Bouza Brey e Otero Pedrayo.

A derradeiros do mes de San Xoán, realizouse a excursión científica á terra de Deza, onde tomado por centro a Lalín, os socios do Seminario, acompañados polos Sres. Rivas, Goyanes, e outras distintas personalidades d'aquela vila, visitaron, divididas en sezioni unhas corenta parroquias, realizando nelas estudos das suas diferentes especialidades. O Seminario conta adicar un volume inteiro dos *Arquivos* á bisharra de Deza, o qual ha conter estudos moi notabres.

Visitaron en Lalín os socios do Seminario o notabilísimo Observatorio Astronómico do Sr. Aller, que acolléndoos coa sua aberta e exuberante cortesia e coa sua sinxeleza de sa-

bio, amostroullles todolos seus aparellos, biblioteca e diarios d'observación, espricando todo coa sua verba fácil e entusiasta.

### EN COL D'IRLANDA.

Son merecentes de nota os artigos que ven publicando no *Pueblo Gallego*, Plácido R. Castro, sobre o desenvolvimento político, cultural e económico do Estado Libre d'Irlanda. Estuda n'iles o estado dos partidos, o asombroso labor do Goberno en materia política pra chegar á paz interior e exterior, en materia agraria e cooperativista, en materia cultural e de rehabilitación do idioma, en todo o qué podemos ollar un trunfo do bon senso que sabe axuntar o idealismo mais requintado co senso da realidade mais imparcialmente ouxetivo. O de Plácido R. Castro é o primeiro labor serio que se fai pra que Galiza coñeza ben como se desenvolve aquél pobo irmán noso de raza. Plácido R. Castro, que é coma nós, celtista, e ten moita penetración e moita cultura, escribeu tamén enantes algúns artigos en col do espertamento do País de Gales. É un labor que cumpría, e xa temos quen o faga.

### OUTROS FEITOS.

**A**BRUISE en Madrid a Exposición d'Arte Galego organizada por *Heraldo de Madrid*, e debida principalmente á iniciativa de Rafael Marquina. Anque faltaron algúns artistas a Exposición non deixou de ser un éxito; ata se deron n'ela a coñecer algúns artistas novos, e en xeral, a impresión que deu foi moi boa, e os comentarios ben favorábeis.

Co gallo d'esta Exposición, déronse algunas notabres conferencias en col de Galiza, antr'outros, por Basilio Alvarez, Anxel del Castillo, Victoriano García Martí, Álvaro M. de las Casas, e derradeiramente, Ramón Otero Pedrayo. O noso Director, Vicen-

te Risco, tamén invitado, impedido d'ir por asuntos de familia, enviou a sua conferencia que pode que sexa leida en público. Anúncianse outras conferencias de varias persoaldades galegas.

—Organizouse n'Ourense unha Sociedade Coral Polifónica, co-a mesma finalidade de cultura musical que a meritíssima de Pontevedra. Din que logo fará a sua presentación ó público, e NÓS agórralle un éxito que de todo curazón lle desexa.

## L I B R O S

A MAORAZGA (segunda parte de *Os Camiños da Vida*) por RAMÓN OTERO PEDRAYO, A Cruña, NÓS, 1928.

**O**UTROS sete capítulos da maxistral novela d'Otero Pedrayo, nos que sigue a historia principiada n'*Os Señores da Terra*. Doña Ramonciña loita, acochada na aldeia pra sostelos pazo dos Pugas da Pedreira, feita a providenza da familia, agarimando irmans e parentes, que chegan guindados polas tormentas do século tráxico. Un d'iles, don Adrián Soutelo —un trasunto do pensamento segredo d'Antolín Faraldo; ou un Faraldo refeito, ou millor ainda, revivido, no pensamento segredo de Ramón Otero— trai o pazo unha soma d'idealismo e de misterio, e ha deitar esa soma no espírito do seu sobriño; o *Estudante* do derradeiro volume. Naméntras, a favor das loitas políticas, novas xentes van trunfando escuramente: Trepapouco, o curial andromenante; o Habanero negreiro, trafigando co-a fame dos labregos; o Tutano, verme que rilla o pazo de Doncos; o tendeiro castelán da rua do Vilar... As silveiras esgazan os derradeiros farrapós do manto real da Galiza. É tristeira esta parte da novela; case s'agradece a tragedia sangrenta das trenzas loiras do capitulo derradeiro.

Otero Pedrayo pón o mais fondo senso da vida: n-esta novela vense craramente au-tuar, n-un entrambilamiento indexergábele, os sentimientos e as paixóns das persoas, o determinismo social da historia e o fado cósmico, mudo e cego. Está escrita parte por afora, en observador, parte dend'adentro dos persoaxes, en psicólogo. Non hai con quen comparalo; e nos leitores sonan o azar os nomes de Reymond, de Joyce, de Dostoyevski, pra que se vexa coma é de seu, de Úneco, de senlleiro... Endexamais se fixo nada tan novo; endexamais se fixo nada tan galego.

DE CATRO A CATRO, versos de MANUEL ANTONIO, A Cruña, NÓS, 1928.

**M**ANUEL Antonio é un poeta raro e de pouca produción o qual ben pode ser un mérito, xa que, n-un espírito tan eisixente com'o seu, indica que se non satisfai con todo o que escribe, e qu'está emperrado en atinxir a meirande perfeición adentro da sua estética. Dende que con Alvaro Cebreiro, publicou o soado manifesto titulado *Mais Allá*, que n-estas páginas fora reproducido e comentado, pouco mais publicou. Agora dá iste volume, n-unha edición de NÓS, moi corrente e ó tempo moi orixinal, unha das mellores que ten dado a editorial, c'un feixe de poemas cujo contido esencial ven indicado nas velas infladas da portada. Porque, anqu'algunhas das belezas dos poemas de Manuel Antonio non poidan ser gustadas inteiramente polos que sean alleos á estética qu'os norma —imaxes soltas, tan delicadamente enfiadas, que vése que o están sen velo fio; versos libres, desfeitos, pra deixal-a imaxe en liberdade; cousas do mundo subxetivo olladas ouxétivamente; creación —ninguén pode deixar de ver n'il o poeta do mar, o mais exclusivo dos nosos poetas mariños. Crer'está que con ser mariñeiro e poeta, Manoel Antonio non é somentes un poeta-mariñeiro. Antr'o mar e nós, está o poeta, e o poeta danos o mar en imaxes: imaxes d'imprexis sensíbeis e imaxes de sentimentos evocados polas imprexis sensíbeis. En suma, pensamento; outras veces non: surrealismo, querido ou sen querer. Si fora sen querer, millor ainda. Sempre, o mais franco avangardismo: por iso leva as velas infladas. Por que vai pra lonxe.

VERBO SER E VERBO AMAR,  
por ANTONIO CORRÉA D'OLIVEIRA,  
Lisboa, 1926.

**P**OEMA da Creación e da Redenzón vivido pola y-alma portuguesa d'un gran poeta, d'un gran patriota e d'un gran cristiano. A forma de tercetos endecasilabos dalle un ar de *Divina commedia* —menos tristeira e mais espranzada— que tería tamén anque levara outro metro, anque se non percibira á primeira ollada.

Non é a primeira vez, nin moito menos, qu'iste tema é tratado nas letras portuguesas; hai pol-o menos outras duas cousas inxentes: o *Addão e Eva* do Eça de Queiroz, que é a mesma historia referida á luz da cencia positivista (*o Genesis* escrito por Haeckel ou por Büchner, se Haeckel ou Büchner souperan escribir como sabía o gran Eça), e o *Regresso ao Paraíso* de Teixeira

de Pascoaes; que desfai a Escritura en mitos, co-a sua enorme visión poética. Por fin, ven Corrêa d'Oliveira, o poeta que con Lopes Vieira e Teixeira de Pascoaes, forma ainda a gran trindade lírica portuguesa; mais agora é outra cousa. *Verbo ser e verbo amar* é un poema cristiano e relixioso que se manteñen fidel n-un todo á Palabra de Deus atal coma s'espresa na Escritura Santa. A dicir verdade, é un libro de converso:

—«Senhor [Senhor] (dizia) eu não son digno;  
Mas não me deixes, Pai! na escuridão,  
Se acaso é bom e justo o que designo.  
Defende, exalta a humilde inspiración:  
E se reforme na verdade santa  
O antigo pensamento, errado e vago.»

Non é xa pouco a sinceiridade, n-un poeta de hoxe, anque somentes con sinceiridade se poida ser gran poeta. Mais Corrêa d'Oliveira non glosa do *Padre noso*, no canto terceiro—xa que Padre noso, na sua sinxela subridade, non ten nada que lle pór—senón que traduz n-unha lingoaxe idealista de vidente e poeta. É extraordinario n-esto o relato da creación do mundo, no canto primeiro.

Corrêa d'Oliveira non da importancia ó seu poema («vale más rezar...» diz no *Post-scriptum*), mais decerto que a sua leitura alumia e consola.

**ANTOLOGÍA DE LA LÍRICA  
GALLEGA, por ALVARO MARÍA  
DE LAS CASAS, Madrid, 1928.**

PIRMEIRO volume d'unha nova biblioteca, dedicada a cousas de Galiza e dirixida pol-o noso distinto colaborador, é unha das millores e mais compretas antoloxías galegas que se teñen publicado. Dend'o soado *Album de la Caridad*, son xa algunas as que se teñen feito nos tempos modernos—os *Cancioneiros* son tamén antoloxías—destacando antr'elas a contida en *El Idioma Gallego de La Iglesia*, a mais compreta, anque mais con criterio histórico que non estético; a que leva ó final a *Historia de la Literatura gallega* de Carré Aldao, que foi fonte de outras, e o tñeco da literatura galega que coñece moita xente d'enfora; *Las mejores poesías gallegas*, d'Eugenio López Aydillo, que debreu esgotarse moi cedo. A d'Alvaro de las Casas ten a ventaxa de chegar ó noso tempo e traguer cousas dos mais novos poetas, de maneira que presenta un cadro completo da nosa lírica, dend'as orixes ata o ano 1928, sen esquecer a poesía popular, da que trai unha boa escolma. É un labor ben meritorio e que ha facer moi pol-o espallamento das nosas letras.

Pr'os demais volumes da biblioteca, anuncianse intresantes estudos dos mais destacados traballadores da nosa cultura.

**ARQUIVOS DO SEMINARIO  
D'ESTUDOS GALEGOS, vol. I.**

De propósito deixamos pra iste número a reseña d'iste intresantísmo volume, que contén unha parte importante dos traballos do Seminario. O volume pirmeiro dos *Arquivos*, xa antes d'eíqui espertou ecos gabanciosos en diferentes circos culturais do mundo, onde s'anotou con certa sorpresa esta supeta revelación dun traballo concienzioso e serio feito ó xeito europeo n-iste recuado recanto da terra, ond'un pobo esperta á concencia de si mesmo. O volume, de 273 páxinas, contén os traballos seguintes:

*O Ídolo cilíndrico do Museu Arqueológico de Pontevedra e outros ídolos galegos*, por Florentino L. Cuevillas, director da Sezón de Prehistoria. O autor pon en comparanza o ídolo de Pontevedra cos ídolos cilíndricos portugueses inventariados por Vergilio Correia, cos ídolos-placas de Portugal e da cultura almeriense, atopando paralelos na Hespanha, Francia, Ingraterra e Dinamarca. Tenos por estilizacions humanas, e tocantes á orixe, desbota a opinión orientalista de Dechelette; tenos coma eneolíticos, e deixa en pé o problema das suas relacións co-a deusa núa d'Oriente, as que d'elastiren, supón serían d'Elam e Sumer co val do Nilo, d'iste co neolítico do Sahara do que semella derivarse a cultura d'Almeria. O se non atopar na Galiza mais que ese ídolo cilíndrico, atribúyelo a seren tales ídolos da fase b) do Eneolítico inizial, na qual hai un verdadeiro isolamento cultural antr'as terras do N e do S do Douro. Por outro lado, atopa posibles precursores do ídolo cilíndrico en dous machados-cinceles do Museu d'Ourense e dous anacos de discos furados de barro atopados en mámoas.

*Estazóns prehistóricas da ría de Arousa. Anta e penedo grabado de Oleiros*, por Fermín Bouza Brey. Estudo d'un dólmen de cámara sinxela e d'unha peneda con insculturas d'animás estilizados (probablemente, cabras) situados na freguesia de San Martiño d'Oleiros, dando conta de curiosa bibliografía antiga referente a aquela bisbarria.

*Estampas d'Ourense a mediados do século XVIII*, por Ramón Otero Pedrayo, director da Sezón de Xeografía. Valéndose de documentos do Arquivo Municipal d'Ourense e do Catastro do Marqués de la Ensenada, o autor fai un curiosismo estudo de xeografía humán que comprende todos os aspectos da vida da cidade no século XVIII: *A cibidade*, que vai describindo rúa por rúa,

partido da Praza Maior, centro entón da vila—e ainda hoxe—co Consistorio e as casas principais; *As casas*, cos seus tipos de construcción, d'aspetto urbano ou rural; *Os oficios*, con expresión do que ganaban os mesteiros d'aquél tempo, a sua orgaización, etcétera; *As profesions*, nas que ouserva o predominio da curia; *O goberno da cibdade*, co seu corredor, o Concello cos seus oficios de rexidores acaparados pola eirexa e as casas grandes; *A Eirexa*, co bispo, o Cabidoo coas suas dinidás e oficios, Obras pías, as parroquias, o Colexio da Compañía de Xesús, o das Mercedes, e os conventos de San Francisco e do Rosario ou Santo Domingo; e *Aspetos da cidade e do seu vivir*, con datos curiosos e recostituciós conxetuados moi atinadas.

*O castro de Caldelas*, por Vicente Risco, director da Sezión d'Etnografía. Despois dunha introducción xeográfica en esbozo en col da *Terra de Caldelas*, ven a descripción da vila, atal e coma hoxe é, pasando en revista os bairros, a fortaleza, a eirexa parroquial, o Santuario da Virxe dos Remedios, as casas fidalgas. Venen despois as *Memorias históricas*, onde recolle todolos datos que permite o teren ardido os arquivos na invasión francesa, con curiosos datos de tradición oral referentes ó século XIX. Despois empeza a parte etnográfica, falando de *A xente*, coa sembranza fisica e moral dos caldelao, e despois a *Pequena escolma folklórica* en que descrebe os costumes e festas do ano, presenta tipos de gaiteiros antigos que deixaron lembranzas, e algúns contos recollidos dos beizos da xente.

*Aportazón ó estudo da historia da pesca da balea nas costas da Galiza*, por Luis Tobío Fernández. Trata d'un proceso que se tratou no ano 1527 entre a vila de Viveiro e os baleeiros, moitos d'iles estranxeiros, que viñan pescar a Bares.

*A insinanza do Direito Román na Universidade de Sant-Iago, hasta o plan d'Estudos de 1772*, por Salvador Cabeza de León, Presidente do Seminario. Estuda dend'a fundación da cadeira d'Istituta, que emprincipiou a espriar voluntariamente pol-o 1646 o Lic. D. Luis de Ponte e Andrade, e que se fundou xa de feito en 1648, ganándoa en oposición o Lic. D. Benito Novoa, e dend'a fundación das de Pandectas (Dixesto novo e Inforciado) en 1649, desempenadas ó principio respetivamente por D. Benito de Novoa e D. Xan Leal de Lis, ate o dito plan, traguendo a final a lista dos leutes d'Istituta dende 1648 ata 1755.

*Colección de tapices y colgaduras de la Catedral de Santiago*, por Salustiano Portela Pazos de Probén, director da Sezión de historia. Menzona principalmente os doce de

Goya indicando as datas en que foron tecidos *El novillo* (1776), *La fuente* (1789) e *Los niños del carretón* (1786 e 1795). Tocantes ós títulos por Gobelinos, supón seren compañeiros dos tecidos en Madrid para Carlos III aseguir cartos de Guillermo de Anglais.

*Sobre a localización xeográfica do Sant-Grial*, por Xoaquín Arias Sanxurxo. Con moita erudición e atinadas razas, presenta o autor unha nova hipótese pr'a localización do Montsalvat e do templo do Graal, na Ribeira Sagrada, á veira do Sil, baixo a Cabeza da Meda, en terras de Caldelas, concellos de Parada do Sil e Trives. Atopa n'aquelhas terras o nome de *Salvadur* (Salvaterra) en Santa María de Rozavales (Monforte) e San Mamede de Vilachá (Póboa do Brollón); atopa que o bosque pódese reducir o monte chamado Monte de Ramo, e por fin atopa a leenda do roubo do Calis en moitas freguesías da Ribeira Sagrada.

*A festa dos Maios*, por Xosé Filgueira Valverde, Segredario xeral do Seminario. Amostra un estudo completo d'iste intresantísimo punto do folk-lore galego, con abundantes paralelos e comparanzas, estudándose en total-as variedades e en todolos seus aspectos, cos precedentes das cantigas de Maio nos Canzoneiros, cunha profusa colección de cantigas modernas e a sua mísica e copiosa bibliografía.

*Cotos y jurisdicciones de Galicia. Villar de Ferreiros*, por Antonio Taboada Roca. Documentado estudo do Pazo de Vilar de Ferreiros e xurisdicción chamada antigamente de Moreda, en terras da Ulla, antiga provincia de Santiago, con descripción do pazo, apeo da xurisdicción e reseña biográfica e xenealóxica dos seus poseedores, desde o ano de 1404, con Alvaro Rodríguez de Sotomayor, ata D. Francisco Xavier Pimentel Sotomayor no século XIX, suprimidos xa os señorios xurisdicionais.

*Datos para la historia de Monforte*, por Pedro Bóo Pita. Co-as cláusulas do testamento do Cardeal D. Rodrigo de Castro, Arcebispo de Sevilla, fundando o Colexio de N.ª S.ª da Antiga, da Compañía de Xesús, na vila de Monforte, con residencia para estudiantes pobres; e da escritura fundacional da institución.

*Sobre a presencia da ilmenita nas areas de Galicia. Análisis da ilmenita de Balarés*, por Isidro Parga Pondal, da Sezión de Ciencias. Comproba por análise a existencia da ilmenita, misturada a outros ferros titânicos, nas areas de varias playas galegas, como en Laxe, Balarés, Louro, Lira, Laíño e Carnota.

*Análisis de evansita en tres localidades galegas*, por I. Parga Pondal. Analiza mostras d'iste mineral, moi raro, atopadas en

Louro, Negreira e Teis. É un fosfato d'aluminio.

*As aves de Galicia*, por Luis Iglesias e Iglesias, director da Sezón da Cencias. Dá conta de 85 especies, cazadas, clasificadas e naturalizadas polo autor, das quais, nove son novas na fauna galega: *Anthus campestris*, L.; *Certhia brachydactyla*, Brehm; *Clamatur glandarius*, L.; *Oidemia nigra*, L.; *Querquedula crecca*, L.; *Branta leucopsis*; Bechst; *Charadrius hiaticula*, L.; *Larus ridibundus*, L.; *Calymbus nigricollis*, Breh.

Remata o volume co-a publicación dos nomes dos señores que constitúen o Consello direitivo, Sezóns, e lista de socios e traballo presentados por illes ó Seminario.

## LETRAS D'AFORA

**T**AMÉN Liam O'Flaherty andivo moita terra e moita mar. Hai que notar de que xeito os homes de raza privada longo tempo da propiedá afanxase a camiñar, eso sí, con pouco socego esculcando en cada novo sólpor un fume familiar. Irlandeses, galegos, polacos. Quizais por iso disfrutan d'unha superior propiedade ideal e, donos da terra, erian patreas inmorrentes.

Liam O'Flaherty apesar do seu fermoso nome (xa imos vellos pr'aprehender o erse ea sua poesía) non figura sentir amor ás illas Aram. Aquiles lombos de pedra apenas precisados oito días dos trescentos sesenta e cinco do ano, no dinamismo das néboas e das olas, rachadas pol-as pillaras. Dixo que Synge dira unha impresión puramente literaria das illas. Non o creo. O mesmo dixose de Pondal. Hai moitas crás d'ouxitividade e a pior d'elas, a mais enganosa e perigosa, é deixarse levar pol-a sensibilidade meia da xente. Pódia qu'haxa moito de figurancia, pois sempre foi ben doce ferir o mestre consagrado. As veces trunfa o sentir do tendeiro e non se fai caso do que pensa o vello pescantín. E tamén o novo.

N'hai dúbida Liam O'Flaherty conseguiu unha boa novela. Non xenial. Ben feita, superiormente istromentada e sobretudo dun analise firente que apenas deixa unha sonda de misterio na i-alma escoleita. Ademirabre paisaxe urbano de Dublin, nos barrios baixos c'a porcallada, a febre da noite, e tamén un lostrigar de paixón e unha asambrea de forzas disciprinadas na asociación revolucionaria. Un Estado no Estado. Sempre chove sempre hai lama nas ruas e os vidros molillados acougan interiores de gran fondura moral. É unha ventaxa ter unha grande vila. Compreta iste libro o mais completo Dublin de Joyce nas xentes de Dublin mais non ten comparanza c'a vibración do *Ulysses*.

O interés do libro está no Denonciador

que lle presta ó tíodo. N'un corpo de xigante barbaramente forte acouga como un neno n'un salón grande, unha i-alma pequenina que non sinte o remorso nin pode matinar a mais cativa solución lóxica. Analise da mellor escola de Histoloxía moral. O remate, consola un movemento da i-alma irlandesa que chea de piedade sabe poñer no derradeiro instante do espía un raio aluarado de paz.

Valery Larbaud pubricou no «Commerce» unha cousa de Liam O'Flaherty: «Bárbara a roxa». Forte senso da raza pol-a que esbara o extranxeiro. Figura un home superior e nin conquista a dona, nin o pobo, nin o paisaxe de rocas. Contodo trai ideas novas e coma non é comprendido pasa á categoría de lenda—e siga a loita da xente contr'a mar, os ventos, as colleitas esgrevias.

\*\*\*

Tres instantes do «Journal intimo de Benjamin Constant. Colle do 1804 ó 1816. Abonda abrilo por calquer parte; é a ventaxa das memorias nas que un sempre está en todo as follas ou se fai a ilusión de estar. O autor merece unha lembranza. Moito se ten falado arredor das poucas páginas do «Adolfo» e queda aquil xesto de politico un moi excentrico e a gracia de salón.

O 29 do Pluvioso do ano XII remata a «Estética» de Schelling, en Weimar. Non era todo escenografía neoclásica e algo val vivir no centro da Europa. Mais adiante conversación con Mand. Staél, Schlegel e Sismondi en Ginebra. Sería bô estudar o papel d'ista cidade e d'iste paisaxe no Romantismo. Quizais un orden e unha sobriedade. Unha nota de 1815: fala longamente c'o emperador e escribe: «si non prauticou a Liberdade entendea moi ben». Por todo o libro corren ondas interferentes de paixón que non se poden precisar sin matalas.

\*\*\*

Na estela de Rousseau e no silencio de Iusxiado de Noruega Kunt Hamsun escribe «Baixo a estrela do outono». A carón da pozoa pantástica do esceario do norte hai a forte realidade de natureza e unha sensibilidá do héroe que non ten medo de xurdir, romántico, pol-o mundo adiante.

\*\*\*

Os *Conqueridores* de André Malraux son pretuberculosos, bos orgaizadores con moi-to dossier, sorben cockteles e teclean nas ametralladoras. Queren orgaizar o caos chinio en senso bolchevique. Algo coma procurar unha lóxica no bosque tropical. O libro é maestro, de feitura, e pol-as lonxanias que deixa aduviñar. A infinda China hastra inquieta a sistemática do Xefe marxista.

R. O. P.

# P A R D O

ÓPTICO CENTÍFICO

Preguntoiro, 32  
SANTIAGO

San Andrés, 50  
A CRUÑA

CASA ESCRUSIVAMENTE ADICADA A ÓPTICA CENTÍFICA

## X. CALVIÑO DOMÍNGUEZ

ABOGADO - PROCURADOR  
CANTÓN PEQUENO, 1 (OFICINAS)  
Teléfono, 581.

A Cruña.

## FOTOGRABADO

Si quer qu-oos seus fotograbados sexan o mais perfeito posibles, convenlle envialos aos  
Talleres de fotograbado ESPASA-CALPE S. A.  
Rios Rosas, 24-Apartado, 547 MADRID

Axiña aparecerá  
O porco de pé

F. ROMAN e SACO

DROGUERIA

e FARMACIA

Pereira, 19

Teléfono 28

OURENSE

Use o novo cristal PUNTAL, fabricación de Zeis,  
e escrusiva da

## CASA DE LOS LENTES

Plaza Mayor, 18.

OURENSE.

Droguería e Farmacia  
**LUIS FÁBREGA**

Progreso, esquina a Luis Espada

OURENSE

MERQUE VOSTEDE  
Plumeiros **RAFIUM**

De mais dura qu'os de pruma e limpan  
millor. Véndese en todolos estabreci-  
mentos do ramo

Andrés Perille - OURENSE

Lea vostede

**Os Camiños da Vida**  
por R. Otero Pedrayo.

**BODEGAS GALLEGAS, PEARES E OURENSE**

Viños finos de mesa: Tinto TRES RIOS. Blanco BRILLANTE  
LOS GALLEGOS blanco e tinto

Macia e Valeiras, Apartado 18 - Ourense

**SANATORIO QUIRÚRGICO DE SAN LORENZO**

SANTIAGO DE GALICIA  
DE LOS PROFESORES

**D. Fernando Alsina y D. Antonio M. de la Riva**  
CIRUJANO GINECÓLOGO

Establecimiento dotado de todolos elementos que exixen  
a terapéutica e a hixiene modernas, situado nas aforas  
da poboazón, moi cerca do paseo da Ferradura

Teléfono número 195

Pra detalles, calquera dos Directores ou o Médico interno



## A hixiene nos nenos

é a garantía da sua saúde física e moral o día de mañá.

No diario aseo dos nenos emplee o **"Jabón Sales de la Toja"**, único que ás suas altas calidades meicinás xunta toda a finura e perfume d'un xabón de tocador.

Contribuie ó perfeito desenrollo das criaturas e evita o perigo da escrófula e o raquitismo.

**JABÓN  
LA TOJA**  
ÚNICO EN EL MUNDO



O Xabón da Toxa  
ademas de ser o mellor é un  
producto galego que nos  
honra no mundo enteiro



AGUAS DE  
**MONDARIZ**  
Fuentes de Gándara y Troncoso  
Propiedad de los Sres. Hijos de Reinador

Véndese en todal-as  
Boticas, Drogueirías  
Hotels,  
Depósitos d'augas  
minerás,  
Restaurants e  
vagós-camas de  
todol-os trés

Estas augas, de sona universal son o reme-  
dio enxebre e eficacísemo

cand'un quer combater o  
Artritismo, a Diabetes, Desnutrizón, Obesi-  
dades diversas, doenças do Aparello dixes-  
tivo, Anemia e Neurastenia

**Riquisma auga de mesa  
gaseada naturalmente**

**MONDARIZ-BALNEARIO** Áchase á 35 Km. de VIGO